



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

DECRETO DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO TRIBUNAL E DATA DE CONVOCATORIA DA NOVA SELECCIÓN DO DIRECTOR, MONITORES E ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO CAMIÑO DA CHAIRA VI DE CASTRO DE REI.

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde do Concello de Castro de Rei, (Lugo), en virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente concretada no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

RESOLVO

Primeiro.- Nomear como membros do Tribunal para a nova selección de director, dous monitores de albañilería e un monitor de pintura, así como completar a lista de alumnos de pintura industrial en construción do concello de Outeiro de Rei, para a contratación temporal, ao abeiro da Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de data oito de setembro de 2021, que tivo entrada no concello co nº 2.339 de 10 de setembro de 2021, pola que se aproba unha subvención para o proxecto de "Obradoiro de Emprego Camiño da Chaira VI", así como notificación do citado órgano autonómico de data trece de setembro de 2021, que tivo entrada no concello co nº 2.371, de 15 de setembro de 2021, relativa a erro no importe para gastos de formación e funcionamento e no código relativo a Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización; e tendo en conta as Bases reguladoras do proceso de selección aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 540/2021, de data de 17 de setembro, ás seguintes persoas:

PRESIDENTE:

- Dona Isabel María Pernas Sánchez, Interventora da Agrupación Castro de Rei-Outeiro de Rei.

VOGAIS:

-Dona Ana Belén Mera Arias, Técnica Superior de Edificacións e Obras na Unidade de Proxectos da Deputación de Lugo.

-Don Héctor Diéguez Aranda, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Adxunto ao Xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

-Dona Carmen Lage Fernández, Técnica de Administración Xeral, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Departamento de Fondos Europeos da Deputación de Lugo.

SECRETARIA:

-Dona María Josefa Fernández Legaspi, Secretaria do Concello de Castro de Rei.

Segundo.- Comunicar esta resolución ós nomeados anteriormente que poderán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Convocar para o día martes 9 de novembro de 2021, ás dez horas e trinta minutos, para a nova selección de director, dous monitores de albañilería e de un monitor de pintura, e completar a lista de alumnos de pintura industrial en construción do concello de Outeiro de Rei.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE.





Cod. Validación: 743FEQAKTQA3HGCDKKR5DCYQK | Corrección: <https://castroderel.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico | Páxina 2 a 2